



## Concello de Arbo

**Expediente Gestiona: 11/2024**

**Procedemento: Contratación da actuación incluída no proxecto de “SUBMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIO”, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024)**

**Importe do contrato: 17.769,45 € (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95 €).**

**Documento:** Certificado acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do expediente de contratación..

**Eu, Patricia Hernández Estévez, Secretaria do Concello de Arbo (Pontevedra)**

**CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de agosto de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**“4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN COMPLETO, XUNTO COA MEMORIA TÉCNICA AVALIADA, NA VERSIÓN ASINADA DIXITALMENTE O 17.04.2024 POLO ARQUITECTO MUNICIPAL D. TEODORO DE FRANCISCO ANTES, E OS PREGOS, PARA A EXECUCIÓN DO “SUBMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIO, SENDO O ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DE 17.769,45 € (IVE DO 21% INCLUÍDO QUE ASCENDE A 3.083,95 €), FINANCIADO NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024: LIÑA 1: INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA:**

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

Unha vez detectada polo Concello a necesidade de levar a cabo a mellora e posta en valor, dado o interese que isto supón para os veciños deste municipio, de mobiliario urbano para mellora do servizo o cidadán e da calidade do mesmo.

Por elo, requírese colocar uns tramos de varanda no camiño da fonte da igrexa para mellora da seguridade e as prestacións aos usuarios das infraestruturas do Concello de Arbo.

Tamén se require o subministro e instalación de varanda protectora da zona de xogos do parque infantil de San Antonio, para repoñer a que se atopa en mal estado e con risco para os nenos.





## Concello de Arbo

A intervención que se pretende, busca manter a imaxe e a conservación do patrimonio municipal e dotar de servizos adecuados as instalacións existentes, dotándoas de elementos de seguridade para os usuarios como son as varandas.

Examinadas as necesidades deste Concello, por esta Alcaldía encargouse a redacción da memoria denominada “**SUBMINISTRO VARANDA CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIO**” cun orzamento total de **17.769,45 € (IVE 21% incluído)**, redactada en Febreiro de 2024 polo Arquitecto Municipal D. Teodoro de Francisco Antes, e asinada dixitalmente o 04/03/2024, posteriormente complementada na versión asinada dixitalmente o 17.04.2024..

As Actuacións a realizar consisten en:

- CAMIÑO DA FONTE DA IGREXA: Subministro e instalación de varanda composta de pasamáns en tubo de 80x40 mm, executada “in situ”.
- VARANDA PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIO: Subministro e colocación de valla de 2x0,85 m plana de aluminio, composta de lamas horizontais e postes verticais de aceiro cincados. Lamas con cantos redondeados. Acabado en cores. Incluída cimentación e anclaxes

Coa execución das actuacións contempladas no referido proxecto preténdese acadar un múltiple obxectivo:

- Mellorar o servizo a cidadanía e a calidade do mesmo
- Mellorar a seguridade nos parques infantís

**O importe do contrato ascende á cantidade de 17.769,45 € (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95€), co seguinte detalle:**

**PRESUPOSTO 1: SUMINISTRO E INSTALACION DE BARANDA COMPOSTA DE PASAMANS EN TUVO DE 80X40 MM EXECUTADA IN SITU: 54 ML 185 €/ML.....**  
.....**9.990,00 €**

**PRESUPOSTO 2.....4.695,50 €**

**PRESUPUESTO POR UNIDAD DE PARQUE PARA JUEGOS INFANTILES:**

	DESCRIPCION	MEDICION	PRECIO (€)	TOTAL
Ud	Desmontaxe valla existente e montaxe da nova			
		1	590,00	590,00
ud	Suministro y colocación de valla de 2x0,85 m plana de aluminio, composta de lamas horizontales y postes verticales de acero zincados .Lamas con cantos redondeados. Acabado en colores. Incluida cimentación y anclajes.			
		21	195,50	4.105,50
<b>TOTAL PRESUPUESTO POR UNIDAD DE PARQUE:</b>				<b>4.695,50</b>

**TOTALPRESUPOSTO (1+2) SEN IVE ..... 14.685,50 €**

**IVA 21%.....3.083,95 €**





## Concello de Arbo

TOTALPRESUPOSTO CON IVE..... 17.769,45 €

O valor estimado do contrato é de 14.685,50 € (IVE 21 % excluído).

O IVE do 21% ascende a 3 083,95 €.

Sendo o orzamento total co IVE do 21% incluído de 17.769,45 €.

O orzamento base de licitación do contrato é de 17.769,45 € (IVE incluído do 21% que ascende a 3.083,95€)

En data 14/03/2024, mediante rexistro WEB2024017449, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de ARBO na que, ao abeiro da Resolución da Alcaldía nº 134/2024 de data 14/03/2024, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto ,unha subvención por importe de 17.769,45 euros, co obxecto do financiamento do 100% investimento denominado: “SUMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUE INFANTIL DE SAN ANTONIO” cuxo orzamento base de licitación ascende 17.769,45 euros (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95 €).

En informe asinado polo arquitecto municipal con data 08.03.2024 indícase que as actuacións precisan de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar algunhas actuacións baixo a influencia do xacemento arqueolóxico GA 36001014; e, e en informe do mesmo técnico de data 13.03.2024, sinálase que o camiño da Fonte e o Parque Infantil de San Antonio, lugares onde se van a producir as actuacións, son de titularidade municipal.

Á vista do informe do arquitecto municipal de data 08/03/2024, solicítase autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 07.03.2024, sendo recibida o día 10/06/2024 (R.E. núm. 1346) á resolución de 10.06.2024 da Delegación Territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Expte. 1038/24) pola que se autoriza o proxecto de instalación de varandas no Camiño da Fonte da Igrexa, coa condición de que teña un acabado pintado en cor escura.

Por Resolución Presidencial do Ente Provincial de data 09.04.2024, ditada no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024), na Liña 1: Investimentos, que foi recibida no Concello de Arbo con data 10.04.2024 (R.E. núm. 888), concédese a este Concello unha subvención por importe de 17.769,45 € para a actuación denominada: “SUMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUE S. ANTONIO”.

En informe do arquitecto municipal de data 16.07.2024 indícase que as normas a aplicar para a preparación e adxudicación do mesmo serán as do contrato de subministro ao abeiro do artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Ante a necesidade de contratar a actuación incluída no proxecto de “SUMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUES S. ANTONIO”, de acordo coa concesión de subvención por Resolución Presidencial do Ente Provincial de data 09.04.2024, no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024), recibida pola sede electrónica do Concello de Arbo con data 10.04.2024 ás 10:10horas (2024-E-RC-888), e á vista do informe do arquitecto municipal de data 16.07.2024, por Resolución da Alcaldía nº 367/2024 de data 16.07.2024





## Concello de Arbo

resolverse: “1º Iniciar o expediente de contratación da referida actuación, séndolle de aplicación para a preparación e adxudicación do mesmo as normas e réxime do contrato de subministro, ao abeiro do artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; e a través de procedemento aberto, en trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación) ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro.

2º Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- Proxecto, que inclúa a Memoria dos subministros e restantes actuacións a realizar
- Informe de necesidade
- Informe existencia de crédito
- Informe de secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- A emisión do informe da intervención municipal sobre % sobre recursos ordinarios do orzamento municipal vixente para determinar o órgano competente.

3º Que unha vez incorporados estes documentos, se sometan a súa posterior aprobación polo órgano de contratación competente.”

En base a documentación existente no expediente, memoria xustificativa de alcaldía e informe de necesidade de data 17.07.2024, memoria técnica avaliada redactada en Febreiro de 2024 polo Arquitecto Municipal D. Teodoro de Francisco Antes e na versión asinada dixitalmente o 17.04.2024, informes do arquitecto municipal de 16.07.2024, e informes da secretaría-intervención que obran no expediente de datas 16.07.2024 , 17.07.2024 e 24.07.2024, e de acordo coa DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, á vista da Proposta da Alcaldía de 24.07.2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN CANTO QUE ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMPETENTE POR DELEGACIÓN DESTA ALCALDÍA EN RESOLUCIÓN DE 21 DE XUÑO DE 2023, ADOPTOU, POR UNANIMIDADE (4 votos, incluído o do Sr. Alcalde-presidente), O SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-Aprobar a MEMORIA TÉCNICA AVALIADA redactada en Febreiro de 2024 polo Arquitecto Municipal D. Teodoro de Francisco Antes, e na versión asinada dixitalmente o 17.04.2024, da actuación do “SUBMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUES S. ANTONIO”,** cun orzamento total de **17.769,45 €** (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95 €), e que conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra, no importe de 17.769,45 € (IVE do 21% incluído) no marco do Plan Máis Provincia para o ano 2024 (Liña 1:Investimentos), e en virtude da Resolución Presidencial do Ente Provincial de data 09.04.2024; e que conta con autorización por resolución de 10.06.2024 da Delegación Territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Expte. 1038/24) pola que se autoriza o proxecto de instalación de varandas no Camiño da Fonte da Igrexa, coa condición de que teña un acabado pintado en cor escura.





## Concello de Arbo

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación completo, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, para a execución do “**SUBMINISTRO DE VARANDA EN CAMIÑO FONTE DA IGREXA E PECHE PARQUES S. ANTONIO**”, cun orzamento total de **17.769,45 €** (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95 €).

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto no importe de **17.769,45 €** (IVE do 21% incluído que ascende a 3.083,95 €), con cargo a aplicación orzamentaria **171.625** do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024.

**CUARTO.-** Licitar o contrato a través da Plataforma de Contratación do Estado a través de procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), en trámite ordinario.”

E para que conste no expediente do que trae causa, coas reservas do art. 206 do ROF, expido a presente en Arbo co visto e prace do Sr. Alcalde,

Vº e Pª, O Alcalde. Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital á marxe.*

A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital á marxe*

